



Preguntas:

1) Segundo a Constitución Española ¿ cal é o prazo que ten o Rei para sancionar as leis aprobadas polas Cortes Xerais?

- a) **15 días.**
- b) 30 días.
- c) Dous meses.
- d) Non ten prazo.

2) Cando entran en vigor as ordenanzas que non teñen carácter fiscal?

- a) O día 1 de xaneiro do ano correspondente.
- b) O día seguinte ao da súa aprobación definitiva.
- c) **Despois de publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.**
- d) Transcorrido o prazo de 15 días despois de publicado o seu texto no Boletín Oficial do Estado.

3) Nun prazo sinalado en días naturais, se o último día é inhábil ¿que sucede?

- a) **Se entenderá prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.**
- b) Só se entende prorrogado ao primeiro día hábil seguinte se o prazo está fixado en días hábiles.
- c) O prazo remata ese día.
- d) O prazo remata o día hábil anterior.

4) O alcalde pode delegar as súas competencias?

- a) Non.
- b) Non, só pode delegar as de xestión ordinaria dos asuntos.
- c) **Si, agás as que por lei son indelegables.**
- d) Pode delegar todas as súas competencias en caso de enfermidade grave.

5) Cal dos seguintes órganos carece de iniciativa para a reforma da Constitución?

- a) O Congreso dos Deputados.
- b) **O Tribunal Constitucional.**
- c) O Senado.
- d) O Goberno.

6) Cal é o órgano competente para facer a declaración de lesividade dos actos do Concello?

- a) O Alcalde.
- b) **O Pleno.**
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) O Alcalde, por delegación do Pleno.

7) As copias auténticas de documentos realizadas por unha Administración Pública,

- a) **Terán validez nas restantes Administracións.**
- b) Só terán validez nesa Administración.
- c) Só xurden efectos privados.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

8) As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de:



- a) Eficacia.
b) Eficacia e xerarquía.
c) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.
d) Ningunha das respostas é correcta.
- 9) En cantos Títulos está dividida a Constitución?**
- a) **1 Título preliminar e 10 Títulos.**
b) 1 Título preliminar e 8 Títulos.
c) 12 Títulos.
d) 1 Título Preliminar e 12 Títulos.
- 10) Que quórum se esixe para aprobar o regulamento orgánico municipal?**
- a) **Maioría absoluta.**
b) Maioría simple.
c) Non esixe ningunha maioría.
d) O voto de calidade do alcalde.
- 11) Cal é o prazo para esixir a responsabilidade da administración?**
- a) **Un ano.**
b) Un mes.
c) Dous meses.
d) Non existe prazo.
- 12) As sesións do Pleno dun concello:**
- a) **Son públicas.**
b) Son públicas só nalgúns casos.
c) Nunca son públicas se está prohibido polo regulamento orgánico.
d) Son públicas se así o decide o Presidente da Corporación.
- 13) Un acto administrativo que afecta a un interesado xurdirá efectos:**
- a) Desde que se acorda polo órgano competente.
b) Desde que se publica no tabloleiro de anuncios.
c) Desde que se efectúa a notificación ao interesado.
d) Ningunha das respostas é correcta.
- 14) Que é unha subvención nominativa?.**
- a) Unha disposición dineraria exenta de xustificación.
b) Unha actividade exenta de regulación específica.
c) Son as subvencións que se outorgan con carácter xeral.
d) Unha actividade de fomento que ten carácter excepcional, por razóns de utilidade pública ou interese social e que se formaliza mediante un convenio xeralmente.
- 15) Que órgano municipal é xerarquicamente dependente do Pleno?**
- a) O Alcalde.
b) A Xunta de Goberno Local.
c) As concellerías delegadas.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



16) As infraccións dos funcionarios cando son leves prescriben.

a) Aos seis meses.

b) Ao mes.

c) Ao ano.

d) Aos tres meses.

17) Que procedemento de selección non se pode utilizar no caso dos funcionarios públicos, con carácter xeral?.

a) O concurso.

b) O concurso - oposición.

c) A oposición.

d) Todas as respostas anteriores son correctas.

18) Por quen se compón os órganos de selección de persoal funcionario municipal?

a) Polo alcalde, o secretario e os vogais.

b) Por persoal funcionario e directivo.

c) Por funcionarios de carreira e interinos.

d) Ningunha das respostas é correcta.

19) Cal é o órgano competente para aprobar o regulamento orgánico municipal?

a) O alcalde, porque é quen organiza o concello.

b) A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno.

c) O Pleno.

d) A Comisión Especial de Persoal.

20) Cal é o prazo para interpoñer un recurso de reposición?

a) 1 mes.

b) 2 meses.

c) 1 ano.

d) 15 días.

21) Os bens das entidades locais son:

a) De dominio público de titularidade veciñal.

b) De dominio privado.

c) De dominio e servizo público.

d) Soamente os de servizo público.

22) Un contrato menor de servizos debe ter un orzamento:

a) Inferior a 18.000 euros, IVE excluído.

b) Superior a 18.000 euros.

c) So existe esta figura nos contratos de xestión de servizos públicos.

d) Superior a 50.000 euros, IVE excluído.

23) Que é o inventario de bens municipal?

a) Un rexistro administrativo.

b) Un documento que acredita a propiedade dos bens do concello.

c) Un catalogo onde se describen os bens.

d) O complemento do Rexistro da Propiedade.

24) A petición dunha licenza urbanística debe resolverse?



- a) No prazo dun mes.
- b) No prazo de dous meses.
- c) No prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.**
- d) Non existe prazo.

25) Que asuntos non se poden someter polos concellos a consulta popular?

- a) Os relativos á facenda local.**
- b) Os de participación noutros concellos.
- c) Os de participación nun consorcio.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

26) Nos concellos que nes teñen a consideración de membros non adscritos?

- a) Aqueles que abandonen o seu grupo de procedencia.**
- b) Os que se elixen libremente polo pobo sen pertencer a un partido.
- c) Os membros do grupo de goberno sen dedicación.
- d) Os membros do grupo mixto.

27) Que membros dun concello percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma?

- a) Os membros que non teñan dedicación exclusiva.
- b) Os membros que non teñen dedicación exclusiva nin dedicación parcial.**
- c) Os membros da oposición.
- d) Os membros da oposición e os concelleiros delegados.

28) Que é un bando?

- a) Un boletín da alcaldía.
- b) Un medio de intervir a actividade dos cidadáns que teñen as entidades locais.**
- c) Unha orde individual da alcaldía constitutiva dun mandato.
- d) Un regulamento que dita o alcalde.

29) As ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais comezarán a aplicarse?

- a) No momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma.
- b) No momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, agás que nas mesmas se sinale outra data.**
- c) No momento da publicación da súa aprobación definitiva no taboleiro de edictos do concello.
- d) No momento que sinale a Lei de orzamentos xerais do Estado.

30) A Comisión Especial de Contas dun concello?.

- a) É unha comisión informativa de existencia obrigatoria.**
- b) É unha comisión informativa de existencia obrigatoria nos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- c) É unha Comisión informativa máis
- d) É unha comisión informativa de existencia non obrigatoria que pode ditaminar a Conta Xeral do orzamento.

31) Cal é o prazo para cursar a notificación dun acto administrativo?

- a) Dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fora ditado.**
- b) Dentro do prazo de quince días a partir da data en que o acto fora ditado.
- c) O día no que o acto fora ditado.
- d) Non existe un prazo fixo.



32) Cando pode a administración facer unha rectificación de erros?

- a) Cando o considere oportuno.
- b) Cando o considere conveniente.
- c) En calquera momento.
- d) Só poderá rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritmético.**

33) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas?

- a) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei.**
- b) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- c) De toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos.
- d) Só cando existe un dano.

34) A Administración pode facer contratos privados?

- a) Si.**
- b) Non pode.
- c) Só contratos privados de obras, servizos e subministros.
- d) Só contratos privados de obras e servizos.

35) Que é o padrón de habitantes?

- a) É un simple documento.
- b) É un rexistro de utilización pública.
- c) É un rexistro que acredita o pagamento dos impostos.
- d) É un rexistro administrativo onde constan os veciños dun concello.**

36) Que acredita a inscrición no padrón de habitantes?

- a) Os seus datos constitúen proba da residencia no concello.
- b) Os seus datos constitúen proba da residencia no concello e do domicilio habitual no mesmo.**
- c) Os seus datos non constitúen proba ningunha.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

37) A Xunta de Goberno Local existe en todos os concellos?

- a) Si.
- b) Existe en todos os concellos con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.**
- c) Existe naqueles nos que non existe o Pleno.
- d) Só existe nos de máis de 10.000 habitantes.

38) Cales son as clases de sesións que pode celebrar un Pleno?

- a) Ordinarias.
- b) Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes.**
- c) Só ordinarias e extraordinarias nalgún caso.
- d) Só as de periodicidade establecida.



39) Pode expedirse un certificado dun acordo sen estar aprobada a acta da sesión onde se tomou ese acordo?

- a) Só en temas de extrema gravidade nos que é necesario executar o acordo con celeridade.
- b) Non.
- c) Só en temas de tramitación urxente.
- d) Si, facendo constar esa circunstancia.**

40) Cando ten que estar aprobado o orzamento dun concello?

- a) Antes do mes de xullo do ano anterior.
- b) Antes do mes de xuño do ano anterior.
- c) Antes do 31 de decembro do ano anterior ao que corresponda a súa aplicación.**
- d) Ningunha das respostas é correcta.

RESERVA.

41) Todos os concellos deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

b) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, e gardería municipal.

c) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, gardería municipal e servizos sociais.

d) Cultura e deportes.

42) As bases de execución do orzamento, poden modificarse durante o ano de aplicación?

a) Si, seguindo os mesmos trámites que a aprobación do orzamento.

b) Non, en ningún caso.

c) Só en casos urxentes.

d) Poden modificarse simplemente por acordo do Pleno ou Xunta de Goberno Local.

43) A que órgano corresponde o control e a fiscalización dos órganos de goberno municipal?

a) A Alcaldía.

b) Ao Pleno.

c) A Xunta de Goberno Local.

d) A Comisión Especial de Contas.

44) As actas dun Pleno deben remitirse a:

a) Á Administración de Estado e da Comunidade Autónoma.

b) Á Administración de Estado.

c) Non teñen que remitirse a ninguén posto que os concellos gozan de autonomía local.

d) Á Deputación Provincial.

45) Cal é o prazo que ten o concello para pagar unha factura?

a) Trinta días



- b) Corenta días.
- c) Cincuenta días.
- d) Dous meses.